

DOMINGO XXX DEL TIEMPO ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Eclo 35, 15b-17. 20-22a (gr. 12-14. 16-18)

Lectura do libro do Eclesiástico

Deus é un Deus xusto e non ten preferencias de persoa; non tomará parte contra o pobre mais presta oídos ás demandas do asoballado; non refuga os saloucos do orfo nin da viúva que repite o seu laio.

Semellante laio acada o seu favor, o seu berro chega ata as nubes. O grito do pobre traspón as nubes, non apousenta ata chegar á meta, non cede ata que Deus o atende e que o xuíz veraz faga xustiza; tampouco Deus a retardará.

SALMO RESPONSORIAL Sal 33, 2-3. 17-18. 19 e 23

R/. (7a): Clamou o pobre e Deus escoitouno.

Bendigo o Señor en todo instante,
teño sempre na boca a súa loanza.
Eu glórfome no Señor:
que escoiten os humildes e se alegren.

Mais o Señor encara os malvados,
para borrar da terra a súa memoria.
O Señor está preto do aflixido,
salva os de ánimo abatido.

O Señor está preto do aflixido,
salva os de ánimo abatido.
O Señor redime os seus servos:
non será castigado quen a El se acolle.

SEGUNDA LECTURA 2 Tim 4, 6-8. 16-18

Lectura da segunda carta do Apóstolo San Paulo a Timoteo

Benquerido irmán: A min xa me queda pouco para derrama-lo meu sangue, e o meu pasamento está a chegar. Combatín unha boa loita, rematei a miña carreira, conservei a fe. O que me resta é a coroa da xustiza que me está reservada. E o Señor, que é xuíz xusto, hama entregar aquel día. E non só a min, senón a tódolos que arelan a súa Vinda gloriosa.

Na miña primeira defensa non me acompañou ninguén, todos me deixaron. ¡Que Deus llelo perdoe! Pero o Señor asistíume e fortaleceume para remata-la predicación e que tódalas nacións a escoitaran. E libroume da boca do león. O Señor hame librar de toda obra perversa e hame manter a salvo para o seu Reino celestial. Para El a gloria polos séculos dos séculos. Amén.

EVANXEO Lc 18, 9-14

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, Xesús propúxolles esta parábola dirixíndose a uns que estaban moi seguros de si mesmos, créndose perfectos e desprezando os demais: -Dous homes subiron ó templo para orar; un era fariseo e outro recadador de impostos.

O fariseo, de pé, oraba para os seus adentros deste xeito: "Meu Deus, douche gracias porque non son coma os demais: ladrón, inxusto e adúltero; nin coma ese recadador. Gardo o xaxún dúas veces por semana e pago o dezmo de todo canto gaño".

O recadador, en troques, manténdose a distancia, non se atrevía nin a levanta-los ollos ó ceo, senón que petando no peito dicía: "Meu Deus, ten compaixón de min, que son un pecador". Asegúrovos que este baixou reconciliado con Deus para a súa casa e, en cambio, o outro non. Porque a todo o que se teña por moito rebaixarano e a todo o que se rebaixe enaltecerano.